

A Revolución Gloriosa e a Constitución de 1869

Tema 15 (Bloque 2. Política – Século XIX)

2º Bach. - IES Mendiño – 2024/2025
Prof. Xael Díaz Alonso



**A revolución de setembro
e o goberno provisional**

A “Gloriosa” revolución

- O levantamento militar de Topete en Cádiz o 19 de setembro de 1868 deu paso ao movemento revolucionario de “La Gloriosa”.
- Resultado da alianza entre progresistas e unionistas, coa aprobación dos demócratas. Interviron militares, pero tamén civís de clases burguesa e media, co obxectivo de derrocar á raíña.



A “Gloriosa” revolución

- O verdadeiro ideario **revolucionario proporcionábao o partido demócrata**, que pedía o sufraxio universal e a supresión de consumos e quintas. Defendía ás clases medias e traballadoras.
- Ao mesmo tempo, foi unha revolución **organizada polo poder político e militar** para acabar co bloqueo parlamentario e a mala situación económica.



A “Gloriosa” revolución

- Foi unha **revolución “falseada”**, na que as xuntas foron pronto excluídas e perseguidas.
- O obxectivo real foi **completar a transición cara unha sociedade burguesa**, apoiada nun sistema capitalista eficaz dominado por homes de negocios vinculados ao poder político.



A “Gloriosa” revolución

- A revolución extendeuse desde Cádiz. O triunfo dos sublevados na **batalla de Alcolea** o 28 de setembro provocou o exilio de Isabel II e a formación dunha **Xunta Superior Revolucionaria**.
- Formáronse xuntas por toda España, que chamaron á orde para evitar as demandas máis radicais.




A “Gloriosa” revolución



A “Gloriosa” revolución



A “Gloriosa” revolución



Isabel de Borbón

O goberno provisional e o seu labor

- Ao xeneral Serrano encargáronlle a formación dun goberno provisional, constituido tras a chegada do xeneral Prim.
- Prim dissolveu inmediatamente as xuntas, aínda que nalgúns lugares do país estas ocuparon un poder paralelo, cun programa variado.



O governo provisional e o seu labor



O goberno provisional e o seu labor

- O goberno provisional, con progresistas e unionistas, deixou fóra aos demócratas.
- As primeiras medidas **trataron de controlar a revolución**: disolución das xuntas, reorganización da Milicia Nacional, desarmamento dos Voluntarios da Liberdade e restitución da disciplina castrense.



O goberno provisional e o seu labor

- Despois o goberno atendeu algunhas peticións populares:
 - Supresión do imposto de consumos.
 - Emancipación dos fillos de escravos nados tras a revolución.
 - Decreto de liberdade de ensinanza e de reforma da segunda ensinanza.
 - Decreto de liberdade de imprenta.



O goberno provisional e o seu labor

- Publicouse un manifesto á nación cun **programa de reformas**: sufraxio universal, liberdades varias (relixiosa, imprenta, ensinanza, asociación, reunión...), librecambismo ou unha nova moeda (a peseta).
- Plasmaba unha orde social conservadora e burguesa, o que fixo distanciarse ao sector republicano dos demócratas.



O goberno provisional e o seu labor

- Convocáronse **eleccións a Cortes constituíntes** con sufraxio universal. Houbo maioría de progresistas e unionistas, e moitos **republicanos** (que gañaron moitas eleccións municipais).
- O abandono das **reivindicacións populares** deu lugar a revoltas, xurdindo en Barcelona o embrión do movemento obreiro.






A rexencia do xeneral Serrano


A Constitución de 1869

- É un texto con 112 artigos, inspirado noutras constitucións, como a belga ou a estadounidense.
- Xa no preámbulo establecía a **soberanía nacional de base popular** e proclamaba a **división de poderes** e unha ampla declaración de **dereitos**.




A Constitución de 1869

- Regulaba os **dereitos individuais**: liberdade de cultos, de reunión e asociación, de residencia, de ensinanza, de expresión e inviolabilidade do domicilio. Só se podían suspender cunha lei.
- Establecía o **sufrexio universal masculino** (o máis destacado da revolución de 1868).



A Constitución de 1869

- **Sistema bicameral, con Congreso e un Senado** elixidos por sufraxio universal masculino, pero só podían ser senadores as altas personalidades do réxime.
- O **Rei** tiña atribucións semellantes ás constitucións anteriores, pero estaba sometido á soberanía nacional. Buscouse unha nova dinastía para España.



A Constitución de 1869

- **Art. 2.** Ningún español nin estranxeiro poderá ser detido nin preso senón por causa de delito [...].
- **Art. 16.** Ningún español que se atope no pleno gozo dos seus dereitos civís poderá ser privado do seu dereito a votar nas eleccións de Senadores, Deputados a Cortes, Deputados provinciais e concelleiros.
- **Art. 17.** Tampouco poderá ser privado ningún español: do dereito a emitir libremente as súas ideas e opinións [...].
- **Art. 21.** A Nación obrígase a manter o culto e os ministros da relixión católica. O exercicio público e privado de calquera culto queda garantido [...].
- **Art. 32.** A soberanía reside esencialmente na Nación [...].
- **Art. 35.** O poder executivo reside no Rei, que o exerce por medio dos seus ministros [...].

Os problemas da rexencia

- A adopción dun sistema monárquico provocou a oposición por parte dos republicanos.
- A inestable situación levou ao nomeamento do **xeneral Serrano como rexente**, ocupando o **xeneral Prim a xefatura do goberno**.



Os problemas da rexencia

- O novo goberno tivo que afrontar problemas internos e externos:
 - **Guerra colonial en Cuba.**
 - **Oposición activa de carlistas** (que crearon varias partidas guerrilleiras) **e alfonsinos.**
 - **Constante acoso dos republicanos.**
 - **Descontento das capas populares,** que non vían resoltas as súas demandas.




Os problemas da rexencia

- Houbo un **alzamento republicano federal**, que uniu a sectores burgueses co incipiente movemento obreiro en Cataluña, Valencia e, sobre todo, Andalucía.
- O alzamento de partidas carlistas anunciou a **Terceira Guerra Carlista**, iniciada en 1872.




Os problemas da rexencia

- Os republicanos “intransixentes” firmaron o **pacto federal de Tortosa** e crearon o Consello Federal, buscando unha república democrática federal.
- Todos os levantamentos foron reprimidos por Prim, que ademáis debeu enfrontarse, en Andalucía, ao **bandoleirismo**.



En busca dun novo rei

- A estes problemas sumábase a **elección do novo rei**, que non podía pertencer á familia Borbón.
- Finalmente optouse por **Amadeo de Saboia**, a opción con máis apoios (aínda que tiña moitos grupos en contra do seu nomeamento). Influiu moito a figura do xeneral Prim.



En busca dun novo rei



En busca dun novo rei






O reinado de Amadeo I

O difícil reinado de Amadeo I de Saboia

- Amadeo I foi rei polo empeño do xeneral Prim, pero o día que desembarcaba en Cartaxena, **Prim morría tras sufrir un atentado.** Desaparecía así o maior apoio do novo monarca.
- Cando entrou en Madrid, Amadeo I xurou a Constitución, comezando a primeira monarquía realmente democrática en España.



O difícil reinado de Amadeo I de Saboia



O difícil reinado de Amadeo I de Saboia



O difícil reinado de Amadeo I de Saboia




Amadeo




O difícil reinado de Amadeo I de Saboia

- O novo rei **sufriu o menosprezo e a indiferenza** dos altos mandos militares e a aristocracia.
- Encargou a **Serrano** un novo goberno, pero non se entenderon.
- Amadeo I tivo que enfrontarse á **division interna nos partidos políticos que o apoiaban** (progresistas e unionistas).




O difícil reinado de Amadeo I de Saboia

- A división era reflexo do **personalismo** que dominaba a política, e que nos **progresistas** xerou dúas tendencias:
 - Os **constitucionalistas** de Sagasta, máis conservadores, eran apoiados polos unionistas.
 - Os **radicais** de Ruiz Zorrilla (aos que se uniron os demócratas “cimbrios”), eran máis reformistas.




O difícil reinado de Amadeo I de Savoia

- O enfrontamento entre faccións fixo inviable o goberno, e levou á manipulación electoral por Sagasta, contra a opinión do Rei.
- Había tamén unha **gran axitación sociopolítica** polo movemento obreiro; parte das clases populares optaron por unha revolución.
- Sucedéronse gobernos ineficaces, con oposición radical republicana.




A crise final da monarquía

- Nesas circunstancias produciuse outra **rebelión carlista** e a **Guerra de Cuba** (onde o goberno español enfrontouse aos independentistas, pero tamén ás elites partidarias de manter o sistema esclavista).
- Foi en aumento o **malestar no exército**, sobre todo no corpo de artillería, con renuncias masivas.



A Terceira Guerra Carlista (1872-1876)

- O **conflito carlista** permanecera pola resistencia campesiña ao sistema de produción capitalista e o rexeitamento ao centralismo liberal e ao secularismo.
- Aínda que chegou a organizarse un Estado alternativo no norte, **os carlistas foron derrotados**, e a centralización establecida tras a guerra acabou cos sistema foral.



A Terceira Guerra Carlista (1872-1876)




A Guerra dos Dez Anos. Cuba (1868-1878)



A crise final da monarquía

- Amadeo I, ante esta situación, optou por **renunciar á coroa** o 10 de febreiro de 1873. O Congreso e o Senado asumiron os poderes e proclamaron a República.
- O balance deste reinado, malia a actitude do Rei, foi moi negativo, sobre todo pola enorme inestabilidade política.



A crise final da monarquia





Ánimo co estudo!